





2º educación primaria

Día das letras galegas 2021

XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 na Granxa de Barreiros, en Ortoá, Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria.

Era a primeira filla de Valentín Arias e Amparo Castaño.

Foi inscrita no Rexistro Civil co nome de María de los Ángeles, daquela non se podían poñer nomes galegos, aínda que na súa casa sempre se referiron a ela como Xela ou Xeliña.

Ingresou no colexio Fingoi, en Lugo, onde cursou infantil e 1º de primaria, rematando os estudos de primaria e bacharelato en Vigo, cidade á que foi destinado seu pai.

Con once anos, en 5º de primaria, gañou o *VI Concurso de Contos Infantís de O Facho*, co relato titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia*.

Cando rematou o bacharelato e polos seus coñecementos de galego entrou a traballar en Edicións Xerais de Galicia.

Xela foi poeta, tradutora e profesora de Lingua e Literatura Castelá en secundaria.

Os seus libros de poemas máis coñecidos son *Tigres como cabalos* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo.

Tamén foi tradutora ao galego de moitos libros: *As bruxas*, de Roald Dalh; *Contos ao Teléfono*, de Rodari; *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...

Polo seu traballo a prol do idioma galego a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.



XELA ARIAS



Sinatura de Xela



Darío a diario é un libro de poemas dedicado ao seu fillo.

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA


1.-A quen se lle dedica o Día das Letras este ano? Colorea unha letra si e unha non ata o final así atoparás a resposta.

X T E B L A A T A L R O I R A V S

2.-En que localidade naceu? Completa.

S R

3.-Colorea a provincia na que está a localidade onde naceu.



4.-En que curso estaba cando gañou o VI Concurso de Contos Infantís de O Facho? Cantos anos tiña? Como se titulaba o relato? Colorea.

1° 2° 3° 4° 5° 6°
12 10 9 11 14

Os leopardos da fraga e a bruxa Dona Ana

A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia

Grandes paxaros faladores

5.-Que sabes de Xela Arias?


			1	X					
		2		E					
	3			L					
4				A					
		5		A					
		6		R					
	7			I					
8				A					
		9		S					

HORIZONTAIS

- 1.- Como lle chamaban na súa casa?
- 2.- Profesión do seu pai.
- 3.- Nome do seu pai.
- 4.- A súa nai chamábase...
- 5.- Lugar onde naceu.
- 6.- Unha das súas profesións.
- 7.- Nome do seu fillo.
- 8.- Libro de Roald Dahl do que foi tradutora: «As...»
- 9.- Segundo apelido da homenaxeada.


1.- XELIÑA 2.- MESTRE 3.- VALENTÍN 4.- AMPARO 5.- SARRIA 6.- PROFESORA
7.- DARIO 8.- BRUXAS 9.- CASTAÑO

6.- Xela viaxou coa súa familia ata Vigo, onde rematou os estudos de primaria e bacharelato. Atopa o camiño que tivo que seguir para chegar.



7.- *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia* é un relato escrito por Xela Arias aos once anos. Poderías facerlle unha portada?

**A fraga dos paxaros faladores
e
a fraga leopardicia**



8.-Xela Arias naceu no ano 1962. En que ano gañou o Concurso de Contos Infantís O Facho se daquela tiña 11 anos?



Solución: _____


9.- Forma a frase correcta sobre Xela Arias coloreando un recadro de cada columna.

Nace en Vilaboa	o 17 de maio	de 1962
Nace en Sarria	o 21 de abril	de 1987
Nace en Arteixo	o 4 de marzo	de 2012
Nace en Cambre	o 14 de febreiro	de 1934

10.- Completa os títulos dos seus libros de poemas máis coñecidos.

T				E		C	O		
				B		L			


D					A					I	
----------	--	--	--	--	----------	--	--	--	--	----------	--



11.- Colle un pincel e intenta imitar a sinatura de Xela Arias.

	
---	--

DARÍO A DIARIO



Darío a diario.


Invasión que se me convén fantástica.

Invasión sen ocasión.

Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de cores,
de risas, choros, agarimos, agarimos.

Darío a diario.


A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso detesto un pouco tantas palabras,
todas para ti, son a raíña parlante!,
emperatriz de sonidos guturais en diante!



XELA ARIAS

ACTIVIDADES

1. Cal é o nome do protagonista do poema? Segue as liñas e averíguao.



2. Arrodea a palabra que falta para rematar a oración.

Darío é un...

bebé

anción

xigante

3. Colorea a resposta axeitada.

A chegada de Darío é...

un pesadelo

fantástica

divertida



Para quen son todas as palabras de Xela?

Para ti

Para Xela

Para Darío

Que ocupa un cuarto da man xigante de Xela?


A cariña de Darío

A man de Darío





A orella de Darío

4. Xela escribe que «é a raíña parlante». Que cres que quere dicir?

5. Debuxa na man de Xela como é a man de Darío.



6. Debuxa o que falta das seguintes froitas.




Arrodea de vermello as froitas que estaban á metade e de verde aquelas ás que lle faltaba un cuarto.

7. Pon un exemplo cos teus compañeiros dos «sonidos guturais» que podería emitir Xela nesta etapa.

8. No texto, Xela di que a súa man é xigante. Escribe o nome de tres obxectos que poidan ser xigantes.

9. «As roupiñas son pequenas». Debuxa e escribe o nome doutras catro cousas que poidan ser pequenas.





10. Relaciona os obxectos co adxectivo axeitado.

axóuxeres

cheirentos

libro

ruidosos

cueiros

divertido

11. Busca nesta sopa de letras todo aquilo que di Xela que apareceu co nacemento de Darío.

**CUEIROS BIBERÓNS ROUPIÑAS
XOGUETES RISAS CHOROS AGARIMOS**



C	H	A	S	E	T	E	U	G	O	X
U	B	M	A	S	M	A	L	P	E	B
E	R	I	O	A	X	A	G	A	R	T
I	S	R	T	S	C	H	O	R	O	S
R	O	U	P	I	Ñ	A	S	G	O	L
O	A	G	A	R	I	M	O	S	A	P
S	X	B	I	B	E	R	O	N	S	N

12. Ordena as letras para formar palabras relacionadas cos bebés.

X A Ó U R X E S E _____

N I Ó B E B R _____

C E B E R _____

E U C H P T E _____



AXOXERES BIBERÓN BERCE CHUPETE

13. Colorea as persoas que se atopan na mesma etapa da vida que Darío, é dicir, na infancia.

avó

bebé

adolescente

nená

xoven

adulta



14. Ti, en que etapa da vida te atopas? Arrodea.

infancia

adolescencia

aduldez

vellez

15. Ordena, do 1 ao 5, as diferentes etapas da vida.



adulto

nenó

bebé

ancián

adolescente

16. Indica se son V (verdadeiras) ou F (falsas) as seguintes afirmacións.

A idade adulta é a primeira etapa da vida.

Na infancia caen os dentes de leite.

Os anciáns son sabios porque teñen máis experiencia.

Na adolescencia preparámonos para ser adultos.

17. Recordas cando ti eras un bebé? Pasaron moitas cousas dende aquel momento, non si? Intenta elaborar unha liña temporal coas cousas máis relevantes que che ocorreron. Podes escribir, debuxar, pegar fotografías...

Nacín no ano...



Timeline section 1: A horizontal line with three vertical tick marks. Below the line are three empty rectangular boxes for notes.

Timeline section 2: A horizontal line with three vertical tick marks. Below the line are three empty rectangular boxes for notes.

Timeline section 3: A horizontal line with three vertical tick marks. Below the line are three empty rectangular boxes for notes.

18. De Darío só sabemos que a súa nai se chama Xela. Poderías completar ti a túa árbore xenealóxica para que todos saibamos máis da túa familia?

